

Repaso acumulativo

1 A enfermidade é unha alteración do organismo que produce a perda da saúde. Cita dúas enfermidades e indica o tipo de alteracións que producen no organismo.

2 Reproduce esta táboa no caderno e indica a que órgano, aparello ou sistema do organismo afectan as seguintes enfermidades:

Enfermidades	Órgano, aparello ou sistema afectado
Conxuntivite	_____
Artrite	_____
Asma	_____
Gastroenterite	_____
Infarto	_____
Diabetes	_____

3 Que significa que unha bronquite é crónica? E aguda?

4 Observa a imaxe e indica se é correcta esa forma de actuar ao tusir. Por que? Cita outras medidas similares.



5 Para que serven as vacinas? Cita tres vacinas que recibises.

6 Observa a imaxe e indica as medidas preventivas que se utilizan na manipulación de mostras para análise.



7 Copia esta táboa no caderno e clasifica as seguintes enfermidades en infecciosas ou non infecciosas:

Diabetes, sida, infarto de miocardio, carie, gastroenterite e cancro de pulmón.

Enfermidades infecciosas	_____
Enfermidades non infecciosas	_____

8 Das seguintes medidas, indica cales están dirixidas a previr as enfermidades infecciosas e cales forman parte do tratamento para curar a enfermidade:

Vacinarse, lavar ben as mans, tomar paracetamol, tomar antibiótico, utilizar preservativo e usar dentífricos con flúor.

9 Evitar factores de risco é unha forma de previr enfermidades non infecciosas. Cita algúns factores de risco que aumenten a probabilidade de padecer un infarto de miocardio.

10 Cita hábitos de vida saudables para mellorar a nosa saúde.